

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN DAS MATERIAS DE VALORES E VALORES CÍVICOS E ÉTICOS 3º ESO

### 1. VALORES CÍVICOS E ÉTICOS 3º ESO

**Inicial:** A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

A tal fin realizarei en primeiro lugar unha análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, mediante o diálogo nos primeiros días de aulas acadaremos un coñecemento xeral da situación emocional do alumnado e, finalmente, a través dunha prova escrita coñeceremos cal é o seu grado de consecución das habilidades, coñecementos e procedementos elementais para a materia

**Continua:** levarase a cabo mediante o debate, posta en común de actividades e traballos, corrección de exercicios que podemos dividir nos seguintes tipos:

- ✓ Actividades conceptuais. Nelas os alumnos e alumnas deberán ser capaces de manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.
- ✓ Actividades de comentario de texto. Fundamentalmente, o alumnado debe ser capaz de analizar un texto, identificando o seu tema, tese, ideas secundarias así como os argumentos ou estruturas de razoamento do texto.
- ✓ Actividades de síntese. Este tipo de actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das diferentes unidades e á reelaboración dos devanditos contidos. O alumnado debería poder entender e expoñer os principais puntos do tema e razoar a partir deles.
- ✓ Actividades de razoamento e argumentación. Supoñen unha maior autonomía por parte do alumnado, posto que debe elaborar unha idea fundamentada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse de forma escrita, como unha redacción, unha toma de postura ante unha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate.

**Final:** A nota final do alumnado responde a seguinte proporción

A nota final do alumnado responde a seguinte proporción:

A. Entrega do caderno do alumnado: 30%

Neste caderno o alumno recollerá todos os exercicios, sínteses de debates, comentarios de texto e de noticias de actualidade propostas polo profesor.

B. Traballo na aula e participación activa: 70%

Traballo na aula e aproveitamento das sesións para a elaboración dun caderno onde ser recollen as actividades semanais así como a participación activa en debates e reflexións

grupais e por parellas levadas a cabo nas sesións da aula respectando as opinións e expresións dos compañeiros e compañeiras. O traballo e a implicación na creación de material audiovisual (realización de curtometraxes) será parte importante neste apartado.

Ordinaria: O alumnado poderá entregar o caderno completo na primeira semana da seguinte avaliación. Deberá entregar correctamente realizadas e con boa presentación as actividades da aula, así como os traballos que correspondía realizar.

Extraordinaria: A avaliación extraordinaria constará da entrega do caderno por parte do alumnado coas actividades realizadas durante todo o curso, así como os traballos audiovisuais. No momento da entrega a docente poderá seleccionar, se así o considera, que o alumnado repita ou comente algunha das actividades do caderno durante a hora da sesión de recuperación extraordinaria.